



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA A CONTRATACIÓN DA REFORMA DE INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA EN REDONDELA

Expte nº: 6706/2018

Título: Reforma de instalación de iluminación pública en Redondela (Remante de Tesourería)

Lugar de celebración: Sala de Xuntas anexa ao Departamento de Alcaldía da Casa do Concello de Redondela

Data e hora: dezaoito de marzo de dous mil dezanove ás 10:45 horas

Asistentes:

Presidente: **M^a del Carmen Amoedo Dasilva**, 2^a Tenente de alcalde en substitución do alcalde.

Vocais: **Carlos López Quintáns**, secretario xeral do Concello.

Ángel Santamariña Rivera, interventor municipal.

José Romero-Amich Nieto, arquitecto municipal.

Secretaria: **María Guillán Montero**, administrativa de Administración Xeral adscrita ao Departamento de Secretaría.

Orde do día:

1º) Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acto non público).

2º) Exame do informe emitido polo enxeñeiro técnico municipal que presta servizos para o Concello en relación coa xustificación das ofertas incursas en presunción de temeridade (acto non público).

3º) Acordo sobre a admisibilidade das ofertas incursas en presunción de temeridade (acto non público).

4º) Valoración das ofertas, asignación de puntuación e proposta de adxudicación (acto non público).

Constituída a Mesa, procédese en primeiro lugar a someter a votación a acta da sesión anterior celebrada o día 01.03.2019 que resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

A continuación o secretario xeral municipal informa de que, tal como se acordou na sesión anterior, se remitiu a documentación presentada polas dúas empresas cuxas ofertas estaban incursas en presunción de anormalidade, Amys Ingeniería, SL e New Energy Concept 2020, SL, ao enxeñeiro técnico industrial que presta servizos para o Concello, Yago Bangueses Fernández, para que emitise informe sobre a xustificación dos valores anormais das ofertas.

De seguido e segundo a orde do día establecida, procédese ao exame do informe emitido, con data 12.03.2019, polo enxeñeiro técnico industrial que presta servizos para o Concello (CV 4KC2ASQ6YEKG7GPJ7HHW9MAY7) que transcrito di:

“Logo de examinar a documentación técnica a criterio de quen subscribe manifestase o seguinte para cada unha das empresas:

1_New Energy Concept 2020 SL

- Sobre a presunción de temeridade
 - O licitador limitase a presentar os seguintes escritos:
 - Declaración surada da súa solvencia económica, financeira, técnica e profesional para subministrar e instalar os produtos ofertados.
 - Certificados de obras executadas e similares as do obxecto do contrato.
 - Certificados ISO que acreditan a súa excelencia nesta tipoloxía de instalacións en canto a xestión de servizos enerxéticos, instalacións e mantemento de sistemas de alumeados
 - Compromiso de executar o contrato que se lle adjudique.
 - Declaración de que a oferta presentada pola empresa forma parte da súa política comercial tendo en conta que son os prezos de mercado ofertados no resto do territorio nacional.
 - Declaración de que conta cunha ampla experiencia nas instalacións de alumeados públicos o cal lle permite beneficiarse de importantes descontos debido aos acordos firmados cos fabricantes de luminarias o que lle permite realizar ofertas moi económicas respecto o prezo das mesmas.
 - Quen subscribe considera que os argumentos non despexan a presunción de temeridade, podendo producir unha merma dos suministros e obras obxecto do contrato, pois limitase exclusivamente a presentar compromisos e declaracións xuradas carecendo dos planteamentos e cálculos co debido fundamento técnico que xustifiquen o punto 4 do artigo 149 da lei de contratos do sector público, coma por exemplo:
 - comparativa dos prezos dos equipos presupostados coa dos seus prezos e a dos subministradores tendo marxe de axuste.
 - Acreditar o porcentaxe de desconto co que conta nos acordos dos contratos individuais cos subministradores para as instalacións obxecto do contrato favorecendo a baixa alcanzada, e garanta unha marxe para o seu beneficio sen repercutir na calidade e seguridade das distintas instalacións.
 - Redución e xustificación dos prazos de execución

2_Amys Ingeniería SL.

- Sobre a presunción de temeridade
 - O licitador presenta o seguinte:
 - Escrito indicando e xustificando que a partida máis crítica do proxecto recae na parte de alumeados, en canto a súa substitución e modificación, rondando o 65% do custe de execución do material de toda a actuación

- xustificación dun aforro de ata un 34,59% nas luminarias e retrofit Led da mesma marca e modelo que as prescritas no proxecto, mediante a comparativa entre o custe de proxecto e o custe presupostado polo fabricante.
 - Do mesmo modo, mediante a presentación de varios albarans/facturas expoñen que contan con provedores habituais cun rango de desconto similar e con posibilidade de aplicar ao resto de aparamenta propia desta tipoloxía de instalacións.
 - Idem co custe asociado ca man de obra, o expor e xustificar mediante unha planificación temporal que son capaces de reducir os tempos de execución e en consecuencia os custes asociados a man de obra asociada.
 - Certificados de obras executadas e similares as do obxecto do contrato.
 - Finalmente indicar que recalcan que tanto as luminarias, os retrofit Led coma o equipo de telexestión serán os descritos nas prescricións do proxecto con obxecto de evitar incompatibilidades cos existentes no concello.
- Quen subscribe considera que os argumentos son suficientes para xustificar a baixa.”

Á vista do anterior, a Mesa, por unanimidade dos seus membros, acorda o seguinte:

1º) Admitir a oferta presentada por Amys Ingeniería, SL en base ao informe emitido polo enxeñeiro técnico industrial que presta servizos para o Concello tendo en conta a xustificación presentada pola empresa en relación cos valores da súa oferta.

2º) Excluir da licitación á New Energy Concept 2020 por non ter xustificando a oferta formulada que estaba incurso en presunción de anormalidade da acordo cos criterios establecidos no PCAP para identificar as ofertas anormalmente baixas.

A continuación procedese polo interventor municipal á valoración das ofertas admitidas segundo o criterio de adxudicación (prezo) establecido na cláusula 11ª do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe á licitación, aprobado por resolución da Alcaldía núm. 3793/2018 de data 30.12.2018, respecto do que se establece que a puntuación máxima posible a acadar é de 8 puntos, de acordo co seguinte:

“- Prezo: ata 8 puntos

O órgano de contratación puntuará coa puntuación máxima de 8 puntos a oferta máis vantaxosa dende o punto de vista económico e o resto obterá unha puntuación proporcional segundo a súa oferta, mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$P = (\text{Oferta máis baixa/oferta a considerar}) \times 8$$

Aplicando este criterio e considerando innecesario ningún informe adicional, dado o seu carácter obxectivo, obtéñense as seguintes puntuacións:



CONCELLO DE REDONDELA

LICITADOR	PREZO OFERTADO (SEN IVE)	PUNTUACIÓN
AMYS INGENIERÍA, SL B27485549	90.730,00	8,00
FUSIONA SOLUCIONES ENERGÉTICAS, SA A85818797	105.708,88	6,87
SERVICIOS ELÉCTRICOS ALBEMAR, SL B36422210	126.457,58	5,74
SIELVIGO,SL B36823227	112.342,47	6,46
TÉCNICAS EDIFICATIVAS INNOVADORAS, SL B86005931	114.614,38	6,33
TRENASA, SA A80375058	125.028,61	5,81
VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS, SL B87577102	106.300,00	6,83
VERTIA INGENIERÍA, SL B70483052	125.000,00	5,81

Finalmente, á vista do anterior a Mesa acorda, por unanimidade dos seus membros, remitir o expediente ao órgano de contratación para a adxudicación do contrato a favor de Amys Ingeniería, SL, ao establecer, de conformidade coa valoración das ofertas realizada e para os efectos do disposto na cláusula 7ª do Prego, a seguinte clasificación, por orde decrecente, das proposicións presentadas en función da puntuación acadada por cada un das empresas licitadoras:

- 1º) **Amys Ingeniería, SL** (CIF núm. B27485549) que obtén un total de **8,00 puntos**.
- 2º) **Fusiona Soluciones Energéticas, SA** (CIF núm. A85818797) que obtén un total de **6,87 puntos**.
- 3º) **Valdonaire Soluciones Técnicas, SL** (CIF núm. B87577102) que obtén un total de **6,83 puntos**.
- 4º) **Sielvigo, SL** (CIF núm. B36823227) que obtén un total de **6,46 puntos**.
- 5º) **Técnicas Edificativas Innovadoras, SL** (CIF núm. B86005931) que obtén un total de **6,33 puntos**.
- 6º) **Vertia Ingeniería, SL** (CIF núm. B70483052) que obtén un total de **5,81 puntos**.
- 7º) **Trenasa, SA** (CIF núm. A80375058) que obtén un total de **5,81 puntos**.
- 8º) **Servicios Eléctricos Albemar, SL** (CIF núm. B36422210) que obtén un total de **5,74 puntos**.



CONCELLO DE REDONDELA

Así mesmo a Mesa procede a comprobar no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa Amys Ingeniería, SL proposta como adxudicataria, está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e non está incurso en ningunha prohibición para contratar así como ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e ostenta a solvencia económica e técnica ou, no se caso, a clasificación correspondente.

Finalmente a Mesa acorda que se lle requira á empresa que obtivo a mellor puntuación, Amys Ingeniería, SL co CIF núm. B27485549, para que, no prazo de sete días hábiles, presente a documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva e, no caso de non estar inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia o resto da documentación establecida na cláusula 12ª do PCAP.

Finalmente procedese a lectura da presente acta e os membros da Mesa amosan a súa conformidade co contido da mesma.

A Presidencia da por rematado o presente acto e para constancia do tratado, redáctase a presente acta, que asino electronicamente xunto co Presidente, de todo o que, como secretaria, dou fe.